


Outro futuro é posible: proxecto de centro, curso 2022/23

Utiliza a información que xuntamos para elabora un mapa conceptual sobre as características e as consecuencias da represión perpetrada en Galicia polos sublevados franquistas contra a Segunda República durante a guerra civil e a posguerra.

6

GALICIA NA GUERRA CIVIL E A DITADURA FRANQUISTA




Mestre asasinado (debuxo de Castelao).

6.1. A Guerra Civil

Os militares sublevados e os paramilitares (falanzistas, japistas, etc.) controlaron o territorio galego na primeira semana da rebelión. Despois desataron unha sistemática **represión** política e social que tivo diversas modalidades e escenarios. A nosa terra encheuse de campos de concentración de presos políticos (Rianxo na Coruña, Illa de S. Simón, Camposancos e Oia en Pontevedra, mosteiros de S. Clodio, Oseira e Celanova en Ourense) e incontables lugares onde as patrullas de falanzistas asasinaron aos detidos (ponte de Castrelo de Miño, Campo de Lavacolla en Santiago, Campo da Rata na Coruña...). Outros mantivéronse entobados ata o remate da guerra ou conseguiron chegar a América dende Portugal ou Francia. Algúns integráronse nas actividades da **guerrilla** como fixeron Benigno Andrade García, O Foucellas, Xosé Gómez Gayoso e X. Castro Veiga. As mulleres resultaron fundamentais porque deron cobertura aos guerrilleiros. Boa parte da elite profesional, intelectual e política de Galicia marchou ao **exilio** en Arxentina, Cuba, Chile ou México.

Fosas de vítimas da represión franquista en Galicia.



Fuente: Proxecto Nomes e Voces, Faro de Vigo.

6.2. Galicia dende a ditadura franquista (1936-1975)

Os efectos da guerra e da política económica **autárquica** destrozaron os principais sectores produtivos de Galicia. As condicións de vida empeoraron entre 1936 e 1959. O racionamento e a fame fixeron que moitas familias voltasen ao medio rural na procura de sustento. A comercialización clandestina, mentres estivo vixente o sistema autárquico, permitiu o enriquecemento das persoas ben relacionadas coas autoridades franquistas negociando coa fame da poboación. As zonas fronteirizas con Portugal e as de beiramar aproveitaron a súa estratéxica situación para estraperlar con alimentos, medicamentos (penicilina) e produtos de luxo como o café. A extracción e o comercio do volframio foi o gran negocio ata o remate da Segunda Guerra Mundial.

Dende os anos sesenta reactivouse a pesca e o sector agrogandeiro. Este especializouse na gandería vacúa para abastecer ás empresas cárnicas (Frigolouro, Frigsa) e lácteas (Larsa, Leyma). Desenvolveuse, tamén, o cooperativismo de produción leiteira (Feiraco), avícola (Coren) e vitícola. A fundación de Pescanova (1960) aumentou a presenza galega nos caladoiros de grande altura con modernos buques-factoría e incentivou ao sector conserveiro que se recuperou co Plan de Reconversión da Frota en 1961.

O **desenvolvemento industrial** caracterizouse polo asentamento de industrias de enclave con capital foráneo. A creación

7 A guerra civil en Galicia

En Galicia non houbo grandes batallas, pero a guerra civil en Galicia tampouco se limita aos tres días de xullo, no que os militares sublevados e os falanxistas se fixeron co control do territorio, senón a unha longa retagarda en estado de guerra e que se prolongou durante anos, e nos que foron habituais a represión franquista e a actuación guerrilleira.

7.1. Os tres días de xullo e os focos de resistencia

O 18 de xullo, ao terse noticias da sublevación, os partidos de esquerda e sindicatos tentaron mobilizar o pobo traballador, pero as autoridades civís, ante a aparente calma dos militares, negáronse a distribuír armas entre o pobo para evitar un estourido revolucionario que xustificase a intervención militar.

A **sublevación militar** estoura en Galicia, por razóns tácticas, o luns 20, da man de militares que toman o control das guarnicións galegas, cando os sublevados xa triunfaran en África, Sevilla, Pamplona e Zaragoza. En poucos días, como consecuencia da escasa reacción ao golpe militar debida á ausencia de grandes concentracións obreiras, ao escaso arraigo das organizacións máis comprometidas coa defensa da República (comunistas, anarquistas e socialistas revolucionarios) e á ausencia de grandes tensións que polarizaran a sociedade despois do 1934, as principais cidades e vilas galegas quedaron nas mans dos militares sublevados sen apenas resistencia: o pobo desarmado asistiu á substitución dos políticos leais á República por xuntas xestoras nomeadas polos militares que se acababan de sublevar sementando o terror entre a poboación civil ► (Doc. 26).

Só nuns poucos lugares se organizou unha **resistencia** efectiva, aínda que foi rapidamente reducida. Así sucedeu nos arrabaldes da Coruña e en Lavadores (Vigo) e Ferrol, de onde partira o groso da armada leal á República cara ao estreito para frear o avance das tropas sublevadas en África. Noutras localidades, onde non había guarnicións militares, coma Maceda, Verín, Vilagarcía, Noia e outras vilas mariñeiras do Barbanza e da Costa da Morte, unha resistencia máis difusa prolongouse ata o día 26. Outras vilas, como Ribadeo, Pontenova, A Gudiña e Valdeorras, levantaron barricadas fronte aos sublevados que marchaban cara ás fronte asturiana e madrileña. O derradeiro foco de resistencia en caer, o 27 de xullo, foi Tui e a comarca baixomiñota, onde se establecera un eficaz *Comité de Defensa da República* animado polo agrarista **Alonso Ríos**.

A **perda de Galicia** constituíu un desastre para a República na primeira fase da guerra porque deixaba en mans dos «nacionais»:

- Unha gran **fonte de recursos agropecuarios**, que ofreceu aos sublevados unha importante despensa de alimentos; e **recursos produtivos** (mineiros e industriais).
- Un importante **continxente humano**, que deixou as fábricas e os campos para «servir» nas fronte de guerra aos militares rebeldes;
- Un **territorio** que sociopoliticamente, a xulgar polos resultados electorais de febreiro de 1936, podía considerarse **leal á República**.

7.2. Violencia e represión nun país sometido

O rápido triunfo dos rebeldes deu paso a un **período de violenta represión, exercida, en primeiro lugar, sobre as autoridades militares** que, como o capitán xeneral da VIII rexión militar e o xefe do Arsenal de Ferrol,

manifestaran a súa adhesión á legalidade republicana, que foron fusilados nos primeiros días da sublevación, alén doutros moitos mandos que foron destituídos e apartados dos seus postos. En segundo lugar, a **represión** exerceuse axiña sobre as autoridades civís que dirixiron a defensa da República: os **gobernadores civís** e algúns **alcaldes**, coma **Ánxel Casal** e **Xoán Carballeira**; logo actuou contra os **dirixentes políticos** de diversa ideoloxía coma Alexandre Bóveda, Heraclio Botana e Benigno Álvarez; sobre os **dirixentes sindicais** coma José Villaverde; sobre os **intelectuais galeguistas** coma Roberto Blanco Torres e Camilo Díaz Balaño, sobre os **mestres** coma Segundo Abal; e, finalmente, sobre o **pobo** indefenso: máis de 3.500 persoas, entre homes e mulleres, foron «paseadas» ou sentenciadas a morte en «xuízos sumarísimos» por defenderen a liberdade e a democracia republicanas ► (Doc. 27).

Durante moito tempo despois da sublevación sucedeu unha represión menos violenta pero igual de eficaz na estratexia de someter a poboación pola vía do **medo**, que provocou máis de 7.000 procesados; milleiros de persoas metidas no cárcere ou obrigadas a realizar traballos forzosos; centos de funcionarios destituídos, entre os que se atopaban os profesores universitarios Parga Pondal e Baltar Domínguez; e milleiros de desterrados e desprazados.

O novo réxime militar contou desde o primeiro momento cun **importante apoio** tanto entre a **burocracia** da Administración coma entre amplos sectores da **burguesía industrial e comercial**, coma o caso dos conserveiros. Outros apoios viñéronlle dun sector do **campesiñado**, con bos recordos da época de Primo de Rivera, así como da **Igrexa Católica** ► (Doc. 28).

7.3. A primeira resistencia: os «fuxidos»

Unha vez sometida Galicia polos militares sublevados, as persoas que se mantiveron leais á República só tiñan unha forma de defenderse e de organizarse fronte á represión franquista: a **guerrilla**.

Con todo, a guerrilla, que chegou a ser unha forza militar ben organizada, xurdiu espontaneamente, obedecendo ao instinto de supervivencia de tantos milleiros de homes que nos primeiros días da sublevación se botaron aos montes para fuxir da represión. Os **fuxidos**, nome xenérico que recibiron os homes e as poucas mulleres que formaron ese primeiro grupo de combatentes, contaron co apoio da poboación, sobre todo das mulleres, na súa loita.

Os primeiros fuxidos permaneceron illados en distintos lugares de Galicia, normalmente preto dos seus lugares de orixe, e sen manter contacto entre eles; nese primeiro momento (1936-1939), simplemente realizaban accións de tipo defensivo contra os seus perseguidores, sen dirección política nin mando militar. Precisamente por esa **falta de organización**, caeron moitos fuxidos a mans dos principais executores da represión: a Garda Civil e os escuadróns de falanxistas. Aínda que foron moitos os guerrilleiros de sona que se botaron ao monte desde o primeiro momento, como **Foucellas**, o fuxido de máis sona foi o **Fresco**, un simpatizante socialista vigués, que apareceu morto nos montes do Galiñeiro na Noiteboa de 1936.

Non obstante, malia as baixas iniciais, a guerrilla galega mantívose activa, e tras a caída de Asturias en 1937 en mans do exército sublevado, que supuxo a incorporación de moitos cadros políticos e soldados con experiencia militar á guerrilla, comezou un período de **agrupamento e reorganización** que había caracterizar a loita guerrilleira no período inmediatamente posterior á derrota republicana no ano 1939.



A derradeira lección do mestre


DOC. 27. A DERRADEIRA LECCIÓN DO MESTRE, DE CASTELAO, 1937.

► Por que os mestres foron obxectivo da represión no bando «nacional»?



DOC. 28. AUXILIO SOCIAL AXUDANDO AOS NENOS, 1937.


► Quen se fixo cargo das necesidades sociais máis urxentes no bando «nacional»?



Mestre asasinado (debuxo de Castelao).




**DOC. 11. MULLERES RAPADAS COMO CASTIGO
POR SER REPUBLICANAS.**



ESTIMACIÓN OFICIAL DOS MORTOS EN GALICIA LOGO DA SUBLEVACIÓN DE 1936				
Cidade	Homicidios	Execucións irregulares	Execucións xudiciais	Total
A Coruña	8	303	607	918
Lugo	10	165	59	234
Ourense	4	155	17	176
Pontevedra	11	346	109	466
TOTAL	33	969	792	1.794

Fonte: FERNÁNDEZ, C.: *El alzamiento de 1936 en Galicia*, 1987.

Mapa de fosas en campo aberto en Galicia (1936-1939)



Fuente: Proxecto Nomes e Voces, Faro de Vigo.

HABLE BIEN

Sea Patriota - No sea bárbaro

Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO
IDIOMA CERVANTINO

¡¡ ARRIBA ESPAÑA !!

Octavilla. Imprenta Sindical. A Coruña. 1942